

# XEODESTINO MANZANEDA- TREVINCA

Estudo e análise de necessidades  
formativas.




Supernova

<b>Contidos</b>	<b>Páxina</b>
<b>Introdución e xustificación</b>	2
<b>Metodoloxía</b>	4
<b>Resultados da enquisa presencial a entidades</b>	9
<b>Resultados da enquisa enliña a establecementos</b>	16
<b>Principais conclusións</b>	23
<b>Árbore conceptual do do plan de formación</b>	25
<b>Plan de formación proposto</b>	26
<b>Cadro DAFO</b>	28
<b>Anexo. Modelos de cuestionarios</b>	29

## INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O presente informe ten como obxectivo detectar as principais necesidades en materia de formación, e nomeadamente da formación dirixida á actividade turística e centrada nas materias relacionadas con el no Xeodestino Manzaneda-Trevinca. En primeiro lugar é preciso coñecer cal é o mapa actual da oferta formativa neste eido no Xeodestino Manzaneda-Trevinca, así como o traballo realizado neste sentido nos últimos anos. Por outra banda, é preciso coñecer tamén de primeira man as necesidades dos establecementos que xa están a desenvolver a súa actividade nesta zona no eido do turismo. Con toda esta información, tíranse unha serie de conclusións fundamentais para o deseño dunha oferta formativa axeitada, axustada á realidade e ás demandas dos distintos axentes e, por tanto, con maiores posibilidades de éxito.


2



Esta análise de necesidades formativas está relacionada con todos os retos que enfrenta o Xeodestino Manzaneda-Trevinca:

1. Posicionarse como un destino de ecoturismo experiencial, non estacional e multiproducto.
2. Estruturarse como Xeodestino.
3. Desenvolver a súa industria turística.
4. Xerar unha oferta turística diferenciadora e competitiva.


En todos eles a compoñente formativa resulta fundamental, polo que un estudo baseado en fontes primarias e no contacto directo cos axentes principais é a fórmula máis eficiente para garantir un bo deseño da mesma. Esta oferta formativa resultante da análise realizada debe ter, á súa vez, dous obxectivos. Por unha banda, mellorar a capacitación e formación das persoas que xa están traballando no sector no Xeodestino e, por outra, facilitar o acceso á formación e en definitiva ao traballo neste ámbito a quen no futuro desexe emprender ou traballar no sector, contribuíndo ao desenvolvemento e á dinamización turística pero tamén económica da zona.



## METODOLOXÍA

A oferta formativa en materia de turismo na zona está case exclusivamente desenvolvida por entidades ben administrativas ben asociativas. A educación regrada de carácter profesional na zona é a seguinte:

- Centros de Formación Profesional radicados nos concellos: Barco de Valdeorras, Pobo de Trives e A Rúa. Ningún dos tres centros desenvolve actividade oficial relacionada co turismo, se ben algún deles (os relacionados con administración e finanzas) son de claro interese para desenvolver de xeito emprendedor actividades no sector turístico:




- Centro asociado da UNED en A Rúa. Oferta na actualidade as seguintes formacións regradas:
  - Grao en dereito.
  - Grao en educación social.
  - Grao en psicoloxía.
  - Curso de acceso á Universidade.

Xa na provincia de Ourense (Universidade de Vigo, Campus de Ourense) pódense realizar os seguintes estudos oficiais si directamente relacionados co turismo:

- Grao en turismo.
- Mestrado universitario en dirección e planificación do turismo interior e de Saúde.

5




Por outra banda en Ourense existe un Centro de Formación de Hostalería da Federación Provincial de Empresarios da Hostalería de Ourense. No IES Vilamarín tamén na capital de provincia impártense ciclos medios de cociña e servizos e e ciclos superiores de dirección de cociña, dirección de servizos e dirección de aloxamentos.

Para analizar a oferta e as necesidades formativas específicas da zona (non regradas), elixiuse unha metodoloxía baseada no traballo con fontes primarias. É dicir, preguntar de primeira man a todos os axentes potencialmente involucrados na formación no sector. Realizáronse dúas actuacións fundamentais. Por unha parte, realizouse unha enquisa de xeito presencial a entidades vinculadas directa ou indirectamente á oferta de formación: os 13 concellos, centros de ensino secundario e formación profesional radicados na zona e asociacións empresariais e comerciais de carácter diverso. As entidades visitadas foron as seguintes:

- 1. Concello do Barco de Valdeorras.**
- 2. Concello de Pobra de Trives.**
- 3. Concello da Rúa.**
- 4. Concello de Petín.**
5. Concello de Rubiá.
6. Concello de Larouco.
7. Concello de Vilamartín de Valdeorras.
- 8. Concello de Carballeda de Valdeorras.**
- 9. Concello de A Veiga.**
- 10. Concello de O Bolo.**
- 11. Concello de Chandrexa de Queixa.**
12. Concello de San Xoan de Río.
- 13. Concello de Manzaneda.**
- 14. Consello regulador D.O. Valdeorras**
15. Asociación empresarial de valdeorras (AEVA).
16. Asociación centro comercial aberto do Barco.

17. IES - FP Lauro Olmo do Barco de Valdeorras.
- 18. IES - FP Xermán Ancochea Quevedo (Poboa de Trives).**
- 19. IES - FP Cosme López (A Rúa).**
20. Asoc. De empresarios turísticos do Xeodestino (ATREMAN).
- 21. Asoc. De empresarios turísticos de A Veiga (TREVIHOST).**
22. Cooperativa de empresas turísticas TUTRIVES.



7

A enquisa<sup>1</sup> comprendía dous bloques de preguntas: un dedicado á oferta formativa realizada pola entidade nos últimos anos (de ser o caso) e outro dedicado a coñecer a súa percepción das necesidades e demandas formativas do sector turístico da zona. Cabe destacar a excelente disposición a participar de todas as entidades visitadas. A resposta desta fase da análise é foi próxima ao 50%, subliñase en negriña na listaxe anterior os que responderon ao mesmo.

Considerouse así mesmo que nunha segunda fase era preciso preguntar de xeito directo sobre as súas necesidades formativas e as eivas ou fortalezas que detectan na

---

<sup>1</sup> Ver cuestionario utilizado no anexo deste documento.



oferta existente. Esta pregunta directa debía dirixirse aos establecementos turísticos (aloxamento, restauración) e outros axentes relacionados co turismo na zona. Para este fin, e dado o grande número de establecementos existentes, enviouse a unha base de datos de enderezos electrónicos conformada por todos eles un cuestionario de resposta enliña. No corpo do correo explicábase a finalidade da análise e animábase aos establecementos a dar resposta ao cuestionario. Nunha segunda fase, contactouse telefonicamente con eles para seguir animando á resposta. O número de establecementos aos que se enviou a enquisa foi de 106 (62 aloxamentos e 44 establecementos de restauración) distribuídos polos 13 concellos e o número de respostas recibidas de 7, o cal supón unha porcentaxe de resposta de 6,6% neste momento do estudo, que se irá incrementando. Este nivel de resposta entra dentro do agardado para enquisas telemáticas e/ou telefónicas, sen embargo resulta baixo. Hai que indicar que o cuestionario enviouse tres veces vía telemática e se realizaron chamadas telefónicas aos establecementos para solicitarlles que se cubrise a enquisa, sen éxito.


## RESULTADOS DA ENQUISTA PRESENCIAL A ENTIDADES

Unha primeira fase do cuestionario está dirixida a coñecer a oferta formativa en materia de turismo nos concellos que compoñen o Xeodestino. Das entidades que deron resposta ao cuestionario presencial, catro refiren que realizaron ou colaboraron en algún tipo de formación relacionada co turismo directa ou indirectamente. As formacións referidas foron as seguintes:

Título da formación	Ano	Nº asistentes	Entidades organizadoras	Entidades financiadoras	Nº horas	Lugar/es de realización	Modalidade
<b>1. Informador de oficina de turismo.</b>	2016	40	USC- Concello- Asociación Trevihost	Concello e Xunta de Galicia	50	A Veiga	Presencial
<b>2. Xornadas formativas “As montañas de Trevinca”</b>	2016	40	USC- Asociación Trevihost	USC-Concello	18	A Veiga	Presencial
<b>3. Xestión de recursos turísticos</b>	2010	10	Concello	Concello	30	Chandrea de Queixa	Presencial
<b>4. Fomento do espírito emprendedor</b>	2013	50	Cámara de Comercio	Cámara de Comercio	1	IES A Rúa	Presencial
<b>5. Inmersión lingüística</b>	2013	25	Vaughan	Consellería de Educación	150	Os Peares	Presencial
<b>6. Prevención de riscos en Internet</b>	Varios anos	200	Garda Civil	Garda Civil	1	IES A Rúa	Presencial
<b>7. Curso “Xeoturismo e economía. O Xeodestino 12”</b>	2015	15	UNED- Concello A Rúa- Iniciactiva	UNED- Concello A Rúa	10	A Rúa	Presencial


Das persoas asistentes a estas formacións, no 85% sinalase que menos do 25% tiña relación profesional co turismo e só nun caso a formación foi recibida por profesionais

na súa totalidade. Tamén nun caso refiren que como resultado da formación houbo persoas que iniciaron unha actividade profesional relacionada co turismo. Nos dous casos tratouse do curso de informador de turismo organizado por Trevihost. Á pregunta se considera que os/as profesionais do sector turístico do Xeodestino turístico Manzaneda-Trevinca teñen en termos xerais suficiente formación para desenvolver correctamente as súas actividades a resposta é maioritariamente negativa.



10

Detectan eivas formativas nos profesionais da zona nas seguintes materias:




No apartado “outras” podían consignar eivas formativas non recollidas especificamente no cadro e houbo varias aportacións, se ben si estaban recollidas no cuestionario:

- ✓ Atención ao cliente.
- ✓ Recursos turísticos da zona.
- ✓ Idiomas.
- ✓ Técnicas e turismo de montaña.
- ✓ Marketing.


Á pregunta de a que entidades pode dirixirse un/ha profesional do turismo na zona para obter formación, maioritariamente indican ou ben que descoñecen ou nalgún caso que consideran que non existe a onde dirixirse. Esta resposta maioritaria non deixa de ser preocupante ao provir das propias entidades locais, que detectan unha importante eiva neste sentido. Nos casos nos que mencionan expresamente entidades (tan só dous) indican as seguintes:

- ✓ Concellos.
- ✓ Asociacións empresariais e de outro tipo.
- ✓ Xunta de Galicia.
- ✓ Deputación de Ourense.
- ✓ Servizo Galego de Colocación.

Á pregunta se consideran que existe demanda de formación por parte dos/as profesionais do sector turístico da súa zona:




A mesma pregunta sobre demanda de formación pero por parte de potenciais emprendedores arroxa os mesmos resultados:




12

A modalidade de formación que se consideraría máis exitosa é maioritariamente o sistema presencial seguido do mixto (presencial + enliña) sendo os resultados os seguintes:



A formación enliña non se percibe como desexable, a pesar de que resolvería algúns problemas relacionados co acceso e coa mobilidade para acceder a formación na zona.

Por último, preguntouse ás distintas entidades entrevistadas acerca da súa percepción sobre o interese que poderían ter temáticas formativas concretas na súa zona (nulo, pouco, bastante ou moito) e os resultados foron os seguintes:



Pode observarse que as temáticas formativas que suscitan maior interese ao xuízo das entidades entrevistadas son o desenvolvemento e xestión turística, a formación sobre recursos naturais e culturais da zona, as guías de turismo gastronómico, activo/deportivo, ecoturismo ou a calidade. Tamén o turismo enolóxico se percibe como unha importante aposta formativa, o cal entra en relación co desenvolvemento da denominación de orixe da zona. A guía de turismo industrial é a peor valorada no tocante ao seu interese formativo, probablemente por certo descoñecemento do seu potencial. Tamén as formacións de comercio electrónico e marketing e publicidade están valoradas de xeito baixo.

Entre as linguas, existe consenso sobre o interese formativo da lingua inglesa, pero moito menos sobre a francesa ou alemana.

No apartado “outras” podían consignar propostas de formación non recollidas especificamente no cadro e houbo dúas aportacións (entendemos que asimilables ao turismo activo, pero recóllense de igual maneira):

- ✓ Turismo deportivo.
- ✓ Turismo de montaña

No cuestionario deixouse un espazo aberto para que as persoas que o cubriron deixasen calquera comentario ou suxestión sobre o tema analizado e as aportacións foron as seguintes:

- ✓ Falta de oferta de formación en materia turística na zona.
- ✓ Falta de interese institucional pola zona, que cualifican como deprimida economicamente.


- ✓ Potenciación do turismo industrial (o cal contrasta con outros casos nos que non se considera un nicho relevante, probablemente por falta de coñecemento das súas potencialidades ou mesmo do seu significado por parte de quen contesta ao cuestionario)
- ✓ Falta de axudas económicas para a formación.
- ✓ Falta de centros formativos, indicando nun caso concreto que se solicitaron ciclos formativos relacionados directa ou indirectamente coa actividade turística e que non foron concedidos.



## RESULTADOS DA ENQUIA ENLIÑA A ESTABLECEMENTOS

Os resultados desta enquisa serven para contrastar os obtidos das entidades e institucións, co obxecto de comprobar se a súa diagnose ou percepción de necesidades formativas é o mesmo ou aporta distintas claves de análise. Foron os seguintes, aportados por sete establecementos.


Tipo de establecemento:



Baixo o epígrafe de “outros”, respondeu unha estación de esquí e un establecemento que combina a restauración con adega e industria pizarreira. A presenza da estación de esquí entre os establecementos que responderon resulta de grande interese dado que expón demandas formativas específicas do seu sector, pero o seu desenvolvemento redunda sen dúbida na dinamización de toda a zona e o resto dos establecementos.


A pregunta: considera vostede que os/as profesionais do sector turístico do Xeodestino turístico Manzaneda-Trevinca teñen suficiente formación para desenvolver

correctamente as súas actividades? Pódese observar como maioritariamente se considera que isto non é así e que existen importantes eivas formativas.




Á pregunta: considera vostede que a oferta formativa en materia turística na súa zona é suficiente? O 100% das respostas afirman que esta oferta formativa é insuficiente, concordando cos resultados do cuestionario a entidades.

17



Á pregunta: en que materia considera que existe unha maior falta de formación?  
Indique a que considera máis prioritaria:



Neste caso obsérvase que as áreas de formación nas que observan unha maior falta de formación son, por esta orde, as seguintes:

1. Desenvolvemento e/ou xestión de recursos turísticos.
2. Recursos culturais e naturais da zona.
3. Software específico de xestión turística.
4. Outra.


Nos casos nos que a resposta anterior foi "outra" indicouse o seguinte:

- Axudante de cociña e cociña.
- Axudante de camareiro/a e camareiro/a.
- Todas as materias.

Á pregunta: se vostede precisase de formación nestes ámbitos a onde acudiría? As respostas foron textualmente as seguintes:


- Centro Superior de Hostelería de Galicia.
- Tristemente contratar a un profesional doutra comunidade.

Á pregunta: se vostede precisase de formación nestes ámbitos que modalidade de formación preferiría? Obsérvase unha clara preferencia pola modalidade presencial, seguida dun sistema mixto.




19

Á pregunta: no caso de que a formación que vostede precisase fose presencial, onde cre que debía realizarse? Maioritariamente se considera que a realización debe ser no propio concello no que se desenvolve a actividade.



Que temáticas formativas das que se enumeran a continuación resultarían de maior interese e utilidade para vostede (sinalar a que máis)?



20

Neste caso obsérvase que as áreas de formación que lles resultarían persoalmente de maior interese e/ou utilidade son, por esta orde, as seguintes:

1. Outra (agruparon neste epígrafe unha maioría de respostas que consideraron que todas as formacións propostas lles resultarían de alto interese sen destacar ningunha sobre outra)
2. Recursos naturais ou culturais da zona.
3. Desenvolvemento e/ou xestión de recursos turísticos.

4. Novas tecnoloxías.
5. Linguas estranxeiras: francés.

No caso de contestar "outra", indicar cal sería a formación que lle resultaría de interese e que non está recollida na listaxe anterior:

- Desenvolvemento e xestión de estacións de montaña e actividades de esquí.
- Todas sen distinción.

Por último, consígnouse un espazo para indicar calquera suxerencia ou observación sobre as necesidades formativas en materia de turismo na súa zona e as aportacións foron as seguintes:

- É necesaria unha formación relativa ao turismo deportivo de montaña e de estacións de esquí semellante aos ciclos formativos existentes no país Vasco e Cataluña.
- Consideramos prioritario o investimento en Dinamización Turística e a desestacionalización do Turismo. O tema formativo é moi importante pero para nos o prioritario é a Dinamización Turística e en segundo termo as formacións específicas que se nos expoñen.
- É urxente a formación en toda a zona, fundamentalmente en hostalería, turismo e idiomas.
- Partimos da base de querer ser un referente turístico e, para iso, debemos considerar que hai que empezar polas bases dunha correcta planificación do territorio e as súas infraestruturas, así como dunha posta en marcha dunha organización parta da formulación de dar realidade e calidade en todo o que

ofertamos e do capital humano . Non somos turismo de sol e praia. Somos moito máis en cultura, gastronomía, arte... Pensamos que todo isto no seu conxunto, é a mellor publicidade.

## PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

As principais conclusións que se poden tirar do traballo de campo realizado son as seguintes:


- ✓ Detéctase falta de formación en materia de turismo, ao tempo que existe unha demanda clara desta formación tanto por parte de profesionais como de institucións como de potenciais emprendedores.
- ✓ Existe preocupación e ocupación por parte de institucións e asociacións por promocionar o turismo e mellorar a formación do sector, o cal redonda nunha maior calidade da oferta.
- ✓ Na zona obsérvase a actividade turística como un nicho laboral claro e desexable e existe vontade por parte das administracións de desenvolver formación neste sentido.
- ✓ Existen asociacións e entidades de iniciativa social pulando polo sector de xeito moi activo.
- ✓ Ademais de formación dirixida a profesionais do sector e a futuros emprendedores, sería interesante o deseño dunhas xornadas formativas - informativas en materia de turismo dirixida aos representantes institucionais e persoal da administración e entidades.
- ✓ As formacións que máis interese suscitan son as referidas a: desenvolvemento e xestión turística, a formación sobre recursos naturais e culturais da zona, as guías de turismo gastronómico, activo/deportivo, ecoturismo, enolóxico ou a calidade.



- ✓ Os establecementos detectan importantes eivas formativas practicamente en todos os ámbitos.
- ✓ Existe certa reticencia ás modalidades de formación enliña e ao desprazamento xeográfico para realizar formacións, considerando preferibles as formacións presenciais e no propio concello.
- ✓ Existe moito interese en potenciar a formación en recursos naturais e culturais da zona.
- ✓ Existe moito interese en potenciar a formación en desenvolvemento e xestión turística.
- ✓ A estación de esquí pode potenciar o seu papel de dinamizador da zona e do resto de establecementos establecendo sinerxias e colaboracións.
- ✓ Desde as administracións locais e de xeito conxunto sería interesante establecer unha mesa de traballo en materia de formación e turismo, na que por unha banda deseñar e consensuar de xeito conxunto a oferta formativa impulsada polos concellos e, por outra, establecer colaboracións e/ou convenios con distintas entidades do eido do turismo que poidan estar interesadas en colaborar activamente coa formación.
- ✓ Tamén sería de interese valorar a solicitude á administración autonómica e posta en marcha dalgunha formación regrada na zona (ciclo ou módulo) relacionada co turismo.

✓ **ÁRBORE CONCEPTUAL DO PLAN DE FORMACIÓN**

En base á información recollida mediante distintos cuestionarios, e á visita a diferentes entidades e organismos, considérase que o deseño preliminar dun plan de formación integral para o Xeodestino 12 Manzaneda-Trevinca debe pivotar sobre as seguintes temáticas, dando resposta ás preguntas formuladas en cada unha delas:



## PLAN DE FORMACIÓN PROPOSTO:

**MODALIDADE:** Preferentemente apostarase por unha modalidade presencial, dadas as reticencias a outros tipos, aínda que parece aconsellable ir introducindo algún apartado enliña para camiñar cara un sistema mixto.

**CARACTERÍSTICAS:** Dadas as respostas recollidas no traballo de campo, considérase que a formación debe reunir as seguintes características xerais:

- Duración breve/media, dadas as características do sector e a falta de tempo da que dispoñen os xa profesionais do mesmo.
- Rotada polos concellos da zona, de maneira que todos os concellos dispoñan dalgunha das rutas formativas de cada itinerario e todos se sintan igualmente involucrados.
- Buscar a cooperación entre as administracións e asociacións, entidades e establecementos, establecendo sinerxias de traballo.

**TEMPORALIZACIÓN:** Proponse realizar unha oferta anual na que se garantan pequenas píldoras ou itinerarios formativos que poidan combinarse polo menos unha vez por trimestre, de xeito que cada ano podería ofrecerse unha convocatoria de temáticas ao abeiro de cada un dos itinerarios propostos.

**ITINERARIOS:** Propóñense catro itinerarios formativos baseados nos intereses e as demandas recollidos durante o traballo de campo. Dentro de cada un dos itinerarios formativos propóñense as rutas (cursos formativos) que poden compoñelos, sen que iso impida a inclusión posterior doutras temáticas que poidan ir xurdindo.



## CADRO DAFO

### DEBILIDADES (INTERNAS)

- Dificultades de comunicación e mobilidade da zona.
- Avellentamento da poboación.
- Falta de formación e coñecementos en materia de turismo tanto de profesionais como do persoal das administracións que pode desenvolverla.

### AMEAZAS (EXTERNAS)

- Escasa oferta formativa en materia de turismo.
- Escasa oferta formativa xeral.
- Descoñecemento da zona e das súas potencialidades.

### FORTALEZAS (INTERNAS)

- Boa disposición á adquisición de novos coñecementos.
- Recursos naturais e culturais da zona moi característicos e de grande interese turístico.
- Moitas posibilidades de oferta turística (deporte, montaña, gastronomía, enoloxía...)

### OPORTUNIDADES (EXTERNAS)

- Uso das TIC para a formación e novas modalidades de formación enliña.
- Aposta autonómica pola dinamización turística e pulo a novos destinos.
- Fomento da cooperación interinstitucional e do establecemento de sinerxias compartindo recursos.

## ANEXO. MODELOS DE CUESTIONARIOS

### CUESTIONARIO PRESENCIAL A ENTIDADES:

#### BLOQUE 1. DATOS XERAIS:

Nome da súa entidade/organismo	
Persoa que cubre o cuestionario e posto que ocupa na entidade	
Email	
Teléfono de contacto	
Enderezo e concello	

#### BLOQUE 2. FORMACIÓN DESENVOLVIDA:

Nos últimos cinco anos organizou directamente ou participou a súa entidade en algunha formación sobre as temáticas descritas no seguinte listado ou similares? Marque cun aspa as súas respostas

	SI	Org.	Part.	NON
Emprendemento e/ou creación de empresas				
Desenvolvemento e/ou xestión de recursos turísticos				
Linguas estranxeiras				
Novas tecnoloxías e programas informáticos				
Software específico de xestión turístico				
Técnicas de marketing e publicidade				
Comercio electrónico				
Atención ao cliente				
Calidade				
Recursos naturais e/ou culturais da zona				
Específicos de turismo (turismo rural, enoturismo, turismo activo, turismo industrial, etc.)				
Guía turístico ou similar				

Se nalgún caso a resposta foi "si", describa cales foron as formacións e as súas características no seguinte cadro (engada más liñas se o precisa):

Título da formación	Datas de inicio e fin	Nº total de asistentes	Entidades organizadoras da formación	Entidades financiadoras da formación	Nº total de horas	Lugar ou lugares de realización	Modalidade (enliña, presencial...)
1.							
2.							
3.							
4.							
5.							
6.							
7.							
8.							

9.							
10.							

Das persoas asistentes a esas formacións, que porcentaxe estima que estaban relacionadas profesionalmente co mundo do turismo?

Menos do 25%	Entre o 25 e o 50%	Entre o 50 e o 75%	A totalidade
--------------	--------------------	--------------------	--------------

Cónstalle se, como resultado desas formacións, houbo persoas que iniciaron unha actividade turística?

SI	NON
----	-----

### BLOQUE 3. NECESIDADES FORMATIVAS:

Considera vostede que os/as profesionais do sector turístico do Xeodestino turístico Manzaneda-Trevinca teñen en termos xerais suficiente formación para desenvolver correctamente as súas actividades?

SI	NON
----	-----

A continuación indique se considera que os/as profesionais do sector turístico Xeodestino turístico Manzaneda-Trevinca teñen falta de formación nas seguintes materias:

	SI	NON
Emprendemento e/ou creación de empresas		
Desenvolvemento e/ou xestión de recursos turísticos		
Linguas estranxeiras		
Novas tecnoloxías e programas informáticos		
Software específico de xestión turístico		
Técnicas de marketing e publicidade		
Comercio electrónico		
Atención ao cliente		
Calidade		
Recursos naturais e/ou culturais da zona		
Específicos de turismo (turismo rural, enoturismo, turismo activo, etc.)		
Guía/intérprete turístico		

Considera vostede que a oferta formativa existente dirixida aos/as profesionais do sector turístico na súa zona é (marque o que corresponda):

Nula	Insuficiente	Suficiente	Moi ampla
------	--------------	------------	-----------

A que entidades pode dirixirse un/ha profesional do turismo na zona para obter formación? Indique as que coñece:

---



---

---



---

Considera vostede que existe demanda de formación por parte dos/as profesionais do sector turístico da súa zona?

SI	NON
----	-----

Se a resposta anterior foi "non" indique cal considera que pode ser a causa:

---



---



---



---

Considera vostede que existe demanda de formación por parte de posibles emprendedores/as con interese no sector turístico da súa zona?

SI	NON
----	-----

Se a resposta anterior foi "si" indique cal é a demanda:

---



---



---



---

Cal considera que sería a fórmula máis exitosa para a formación dirixida ao sector turístico da zona?

Presencial	Enlíña	Mixta (parte presencial, parte enlíña)
------------	--------	--

A continuación indique, ao seu xuízo, que temáticas concretas considera de interese que sexan impartidas dirixidas ao sector turístico da zona. Marque cun aspa na columna que corresponda:

	Sen interese	Pouco interese	Bastante interese	Moito interese
Emprendemento e/ou creación de empresas				
Desenvolvemento e/ou xestión de recursos turísticos				
Linguas estranxeiras:inglés				
Linguas estranxeiras:francés				
Linguas estranxeiras:alemán				
Novas tecnoloxías e programas informáticos				
Software específico de xestión turístico				
Técnicas de marketing e publicidade				
Comercio electrónico				



Atención ao cliente				
Calidade				
Recursos naturais e/ou culturais da zona				
Guía/ intérprete en Ecoturismo				
Guía/ intérprete en Turismo activo e deportivo				
Guía/ intérprete en Turismo ornitolóxico				
Guía/ intérprete en Turismo astronómico				
Guía/ intérprete en Turismo enolóxico				
Guía/ intérprete en Turismo gastronómico				
Guía/ intérprete en Turismo industrial				
Guía/ intérprete en Turismo Familiar				
Guía/ intérprete en Turismo cultural				
Outros (indicar cal)				

Por último, no seguinte espazo pode realizar calquera observación ou comentario que considere relevante sobre esta materia:

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## CUESTIONARIO ENLIÑA A ESTABLECEMENTOS:

### Enquisa sobre necesidades formativas en materia de turismo GEO12

Estamos a realizar unha análise da oferta e das necesidades formativas do Xeodestino Manzaneda-Trevinca (GEO12) e queremos para elo recoller de primeira man a información a todos os axentes implicados: establecementos turísticos (aloxamento, restauración...), empresas e entidades de actividades turísticas, adegas, e outros axentes relacionados co turismo na zona.

#### 1. Nome do seu establecemento ou entidade

Tu respuesta \_\_\_\_\_

#### 2. Tipo de establecemento

- Aloxamento
- Restauración
- Aloxamento e restauración
- Empresa de actividades turísticas
- Adegas
- Outro

#### 2.A. Se a resposta anterior foi "outra" indique a actividade da súa entidade

Tu respuesta \_\_\_\_\_

#### 3. Considera vostede que os/as profesionais do sector turístico do Xeodestino turístico Manzaneda-Trevinca teñen suficiente formación para desenvolver correctamente as súas actividades?

- Si
- Non

#### 4. Considera vostede que a oferta formativa en materia turística na súa zona é suficiente?

- Si
- Non

5. En que materias considera que existe falta de formación?

- Emprendemento e/ou creación de empresas
- Desenvolvemento e/ou xestión de recursos turísticos
- Linguas estranxeiras
- Novas tecnoloxías
- Software específico de xestión turística
- Técnicas de marketing e publicidade
- Comercio electrónico
- Atención ao cliente
- Calidade
- Recursos culturais e naturais da zona
- Específicos de turismo (enoturismo, turismo de aventura... etc)
- Guía turístico
- Estratexias de negociación con provedores ou canles de venda
- Outra

5.A. Se a resposta anterior foi "outra" indique cal.

Tu respuesta \_\_\_\_\_

6. Se vostede precisase de formación nestes ámbitos a onde acudiría?

Tu respuesta \_\_\_\_\_

7. Se vostede precisase de formación nestes ámbitos que modalidade de formación preferiría

- Presencial
- A distancia
- Sistema mixto (parte presencial e parte a distancia)

8. No caso de que a formación que vostede precisase fose presencial, onde cre que debía realizarse?

- No meu concello
- No concello máis poboado da zona
- En varios concellos da zona de xeito itinerante

9. Que temáticas formativas das que se enumeran a continuación resultarían de interese e utilidade para vostede?

- Emprendemento e creación de empresas
- Desenvolvemento e/ou xestión de recursos turísticos
- Linguas estranxeiras: inglés
- Linguas estranxeiras: alemán
- Linguas estranxeiras: francés
- Novas tecnoloxías
- Software específico de xestión turística
- Técnicas de marketing e publicidade
- Comercio electrónico
- Atención ao cliente
- Calidade
- Recursos naturais ou culturais da zona
- Guía/intérprete en ecoturismo
- Guía/intérprete en turismo activo e deportivo
- Guía/intérprete en turismo omitolóxico
- Guía/intérprete en turismo astronómico
- Guía/intérprete en turismo enolóxico
- Guía/intérprete en turismo gastronómico
- Guía/intérprete en turismo industrial
- Guía/intérprete en turismo familiar
- Guía/intérprete en turismo cultural
- Estratexias de negociación con provedores.
- Estratexias de negociación con canles de venda (p.ex. Booking, etc)
- Outra

**9.A.No** caso de contestar "outra", indicar cal sería a formación que lle resultaría de interese e que non está recollida na listaxe anterior

Tu respuesta \_\_\_\_\_

10. Por último, pode utilizar este espazo para indicar calquera suxerencia ou observación sobre as necesidades formativas en materia de turismo na súa zona.

Tu respuesta \_\_\_\_\_

ENVIAR

Nunca envíe contraseñas a través de Formularios de Google.